

CONCELLO  
DE VIGO



# VIGO

SET > DEC '20 **cultura**

*Vivimos nunha cidade fermosa*

## TIPO DE ESPECTÁCULO

· Monicreques



· Música



· Danza



· Circo



· Teatro



· Bebés



· Animación



## DATOS DO ESPECTÁCULO

· Idioma



· Duración (minutos)



· Prezo



## RECOMENDACIÓN DE IDADE

· Adulto



· Idade recomendada



· Familiar



· Todos os públicos



· Bebés



# NADA

VENRES 25 E SÁBADO 26 DE SETEMBRO DE 18 A 20 HORAS

Compañía: **Javi Tirado**

Xénero: **monicreques**

Idea orixinal, dirección e creación: **Javi Tirado**

Edición de voz: **Igor Iglesias**

Fotografía e Vídeo: **Iñigo Cobo**



Idioma



+ 16 anos



Duración

**ANEXO AO  
MARCO**

## ENTRADA:

Entre as 18 e as 19:30 horas, ás en punto e ás e media repartiranse as entradas para a seguinte media hora presentando o programa Vigocultura no teléfono móbil descargado a partir do código QR da programación. Un/unha espectador/a por pase.

“NADA” propón un paréntese íntimo e relaxado. Un espectáculo unipersonal representado nunha pequena caixa, que nos fala dun fugaz instante, a creación do Universo.



monicreques





# FLUX

## VENRES 25 DE SETEMBRO 19 HORAS

Compañía: Zanguango Teatro

Xénero: teatro de rúa

Autoría: Creación Colectiva

Dirección: Miguel Muñoz

Escenografía: Carlos P. Donado

Vestuario: Enriqueta Vega e Fernando Arzuaga

Elenco artístico: Txubio Fernández de Jáuregui, Miguel Garcés, Laia Cabrera, Bego Krégo e persoas locais



Idioma



+ 14 anos



Duración

### POLA RÚA DO PRÍNCIPE

Unha alfombra vermella transforma a rúa nun escenario inhabitual que realza todo o que pasa, muda a visión do cotián, confundíndose o real e a ficción, facendo desaparecer os límites entre actor e espectador.

Un tempo para deterse e mirar. E descubrir a marabilla da vida que pasa ao noso arredor que nos fai alleos polo noso ritmo de vida.



ANIMACIÓN



Flux é un convite ao xogo e á participación do público, a mirar uns a outros aos ollos, a mirar e ser mirado.

Flux é un acto de amor que empeza co encontro de dúas miradas e que ten a intención de transformar a rúa nun espazo de comunicación e diversión, unha divertida proposta e invitación ao xogo e á participación do público.



Premio ao espectáculo máis  
orixinal e innovador no Festival  
Internacional de Teatro e Artes  
de Rúa de Valladolid



# ULTERIOR EL VIAJE

SÁBADO 26 DE SETEMBRO, 19 E 20 HORAS

Compañía: Tiritirantes Circo Teatro

Xénero: teatro comedia

Autoría e dirección: Tiritirantes Circo Teatro

Atrezzo e escenografía: Regue e Doctorpek.com

Vestuario: Nestor Alonso

Maquillaxe: Rebeca Rueda

Música: Siete7black e Pan de Capazo en número de aro

Elenco artístico: Jacinto Alonso, Oscar Ortiz, Marta Lopez, Angélica Gago, David Olalla e Enrique Mejía



Idioma



Todos os públicos



Duración

POLA RÚA  
DO PRÍNCIPE

Ulterior é unha viaxe ao futuro, un espectáculo familiar e itinerante de rúa no que tres personaxes divertidas e entrañables presentan a unhas criaturas maravillosas.

O fío condutor desta historia é o profesor Copérnico, un científico tolo que inventou o Pushpaka, unha máquina do tempo coa que logra viaxar ao futuro. Nas súas peripecias acompañano sempre o desastroso e fiel contramestre Segundo e unha fascinante muller paxaro, Ainé, que é a guía expedicionaria das súas aventuras.

Todo comeza cando nun incidente noutra era os tres viaxeiros descubren unha fascinante especie animal de ata cinco metros de altura. Os seres resultan ser curiosos, próximos, amables, rebuldeiros por natureza e con moitas ganas de amosar as súas capacidades asombrosas. Desde entón, tres



especimes, un macho e unha femia adultos e unha cría nova, non se separan dos expedicionarios, soben a bordo da máquina do tempo e os seis tripulantes viaxan dispostos a descubrir outros tempos e a ser descubertos por quen se atreva a achegarse a eles. Desde hai tempo viaxan cun obxectivo claro e conciso; facer incursións nun espazo tempo aínda impreciso do século XXI e valorar nas inmediacións contiguas, condutas ou elementos perniciosos que sexan causa dos signos de degradación do ecosistema, tema que noutras expedicións a tempos futuros e remotos teñen detectado.

Nas súas visitas fascinan o público coas súas peripecias. Segundo anda sobre unha bola xigante, de follas de lata, Ainé cativa coas súas acrobacias aéreas e incluso, un neno cabalgará a lombos do máis grande dos dragosaurios.

TEATRO



# EMPAPELADO AMARELO

VENRES 2 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: A Quinta do Cuadrante

Xénero: teatro drama

Autoría: Charlotte Perkins Gilman

Dirección: Tito Asorey

Adaptación: Tito Asorey e Melania Cruz

Escenografía e iluminación: Laura Iturralde

Deseño de son e música: Xavier Bértolo

Vestuario: Renata Uzal

Elenco artístico: Melania Cruz



Idioma



Aqulto



Duración



Prezo

Tres nominacións aos Premios María Casares: Mellor Dirección, Mellor Iluminación e Mellor Adaptación

Espectáculo que parte do relato autobiográfico homónimo publicado en 1891. Nel a autora narra, en primeira persoa, as perniciosas consecuencias dun tratamento médico que lle fora diagnosticado por un coñecido doutor da época para combater o estado melancólico e depresivo no que se atopaba a raíz do nacemento da súa primeira filla.

Este tratamento consistía basicamente na eliminación de todo tipo de actividade intelectual e creativa, nunha dieta hipercalórica e nun encerro case total no seu fogar. Este remata por converterse nun cárcere onde ela, acostumada a unha intensa actividade social e artística, acabaría por achegarse ao abismo da existencia e ao límite da súa cordura.

TEATRO



A autora utiliza as claves do relato de terror gótico para denunciar os mecanismos de represión propios do heteropatriarcado sobre as mulleres da súa época, privadas de todo tipo de voz pública e pechadas, nun sistema que as facía plenamente dependentes dos seus propios esposos. Rebélase así, sen concesións, contra as convencións da época, apostando por unha radical liberación da muller do xugo masculino e unha defensa da necesidade de conformarse como suxeitos de pleno dereito, empoderándose de xeito absoluto.

Unha das mellores mostras da literatura feminista mundial do século XIX, que aínda hoxe é xerme de diversas interpretacións, revisións e novas lecturas por parte de artistas de todo o mundo, dado o seu carácter fundacional, onde a autora constrúe unha personaxe que representa un arquetipo contemporáneo da loita da muller por acadar a liberdade plena.



# PYKA

SÁBADO 3 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: **Cinema Sticado**

Xénero: teatro visual e cine en directo

Dirección: Xosel Díez & Helena Varela

Dramaturxia: Xosel Díez & Julio Fer

Escenografía: Xosel Díez

Títeres: Xabi Varela

Música orixinal: Brais González

Illuminación: Julio Fer & Xosel Díez

Vestuario: Helena Varela

Manipuladores: Helena Varela & Xosel Díez

Piano: Brais González

Piano: Blas Castañer

Violín: Raquel Fernández



Idioma



+ 12 anos



Duración



Prezo

PYKA é a historia e o remake dunha película. O punto de partida é un relato familiar de Helena Varela que sitúa a súa avoa Gelines como única testemuña dunha película perdida do director de cine Einsestein, en colaboración con Olga Lebédev, e da cal só queda un documento sonoro e o seu título: PYKA

TEATRO



# CRASH BABIES 2.0

DOMINGO 4 DE OUTUBRO 11:30, 13:00 E 18:00 HORAS

Compañía: **We Tum Tum**

Xénero: espectáculo para bebés - música

Creación e elenco artístico:

Bruno Estima e Artur Carvalho

Escenografía: Patricia Costa



+ 3 meses



Duración



Prezo\*

\* (1 persoa adulta + 1 bebé en escenario).

Resto de acompañantes en patio de butacas con visibilidade reducida, de balde até completar capacidade.

En 2.0 Crash Babies explora o ambiente e rutinas dos bebés e os seus pais no cuarto de baño.

Unha combinación única de percusión, movemento e comedia visual, onde todo é un pretexto para producir son, cunha enerxía contaxiosa.

Con diferentes sonoridades, desde a voz aos tubos de pvc pasando por obxectos cotiás, todo serve para estimular os sentidos dos máis pequenos e proporcionar momentos únicos entre pais e fillos. Con dúas personaxes de carácter forte e musicalidade extrema, capaces de sorprender coa súa interacción permanente cos participantes.

Con esta relación entre sons, bebés e pais, a diversión está garantida.

MÚSICA



Premio do Público no Festival Internacional de Teatro de Castela e León



ESPECTÁCULO PARA BEBÉS.  
CAPACIDADE LIMITADA.



# CALOR

VENRES 9 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: Jean Philippe Kikolas

Xénero: novo circo

Autoría e deseño de iluminación:  
Quique Méndez

Dirección: Quique Méndez, Leandre

Ribera, Ruben Río, "Mimo" e Alex Britos

Escenografía: Jairo Fuente e Violeta Ollauri

Deseño de son: Cristian Wuise

Vestuario: Piti Demore

Música: VV.AA

Elenco artístico: Quique Méndez



+ 4 anos



Duración




Prezo

Calor inspírase na situación que viven moitas persoas carentes de fogar, viaxeiros involuntarios que se viron forzados a deixar as súas casas, obrigados a marcharse precipitadamente dos seus fogares.

Nómades do noso tempo que atravesan o mundo na procura dun lugar, tanteando a cegas sociedades e culturas, cidades e pobos estranxeiros... Andantes sen tempo que viaxan coa determinación e a esperanza de atopar un novo fogar.

Calor combina o clown coas artes circenses presentando un universo onírico e poético onde o público é convidado a sentir, imaxinar e rir, a pensar e xogar.

CIRCO



PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



# ALMA (NON É HIPPIE)

SÁBADO 10 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: Colectivo Verticalia  
(Duelirium, Traspediente e Pistacatro)

Xénero: danza circo

Autoría, dirección e deseño de son:

Rolando San Martín

Deseño de iluminación: Fidel Vázquez

Vestuario: Fany Bello

Música: Judas Diz e Rolando San Martín

Coreografía: Rolando San Martín e Colectivo Verticalia

Elenco artístico: Marta Alonso, Raquel Oitavén,

Paula Quintas e Marçé Solé



DANZA + CIRCO



+ 9 anos



Prezo

Alma (non é hippie) é o primeiro espectáculo de danza vertical de Galicia, unha produción do Colectivo Verticalia, ou o que é o mesmo, das compañías Duelirium e Traspediente, co apoio de Pistacatro.

Alma (non é hippie) investiga nas diferentes percepcións sobre unha mesma realidade, os diferentes puntos de vista e, daquela, sobre o aparente e as aparencias desde a linguaxe da danza contemporánea, a verticalidade e o movemento.



# DISTANS

DOMINGO 11 DE OCTUBRE 18:00 HORAS

Compañía: Vol'e Temps

Xénero: circo

Autoría: Lapso Producciones  
e Vol'e Temps

Dirección: Lapso Producciones

Escenografía: Carlos Monzón

Deseño de son: Lapso Producciones e Oskar Vizcaíno

Deseño de iluminación: Almudena Oneto

Vestuario: Saray Angulo

Música: Daniel Maldonado "Sam"

Coreografía: Sara Órtiz e Albert Moncunill

Elenq artístico: Sara Órtiz e Albert Moncunill Ferrer

Música: Daniel Maldonado "Sam"



Todos os públicos



Duración



Prezo

Un pacto, un código secreto, unha cápsula do tempo, unha promesa...

Dentro de vinte anos, no mesmo sitio, á mesa hora. A vella casa da árbore onde os dous amigos compartían as súas tardes de ocio entre xogos, risas, fantasías e complicidade. O tempo pasa e a distancia é inevitable pero non ten que supor o esquecemento. Como dicía a canción, vinte anos non é nada... E estes dous personaxes atoparon a forma de poder seguir xuntos na distancia aínda que a vida os leve por camiños diferentes.

Distans é unha viaxe a través das emocións, nun espazo visual e sonoro que envolve escenas de

CIRCO



- Premio FETEN 2019
- Premio Lorca ao Mellor Espectáculo de Circo 2019
- 3 Premios PACA do Circo Andaluz 2019
- Primeiro Premio do Público e do Xurado en Aranda del Duero
- Premio Festival Lunathica (Italia)
- Premio Festival Sul Circo (Italia)



circo acrobático e teatro xestual que conforman un espectáculo orgánico, sensible e divertido.

Unha obra que fala da amizade, dos recordos que seguen vivos nos nosos corazóns máis aló dos anos. Fala da fragilidade do ser humano, da ruptura, da soidade, e do amor capaz de rexenerar e reconstruír as nosas relacións cos demais.

# DREAMING JULIET

VENRES 16 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: Elefante Elegante

Xénero: teatro musical

Autoría e escenografía: Gonçalo Guerreiro

Dirección:

María Torres, Gonçalo Guerreiro e Pablo Sánchez

Deseño de son:

Gonçalo Guerreiro, Mighelón Paz e Nacho Martín

Deseño de iluminación: Germán Gundín

Vestuario: Diego Valeiras

Música: Miguel Paz, Gonçalo Guerreiro e Nacho Martín

Elenco artístico: María Torres, Gonçalo Guerreiro, Marta Alonso, Nacho Martín e Miguel Paz



Idioma



+ 12 anos



Duración




Prezo

DREAMING JULIET inspírase en “Romeo e Xulieta” de William Shakespeare para tratar a cuestión máis esencial da existencia humana: o Amor.

Cunha linguaxe visual asentada no teatro de movemento, na música interpretada en directo e na danza, DREAMING JULIET crea unha poética universal da paixón.

Na peza do dramaturgo inglés os protagonistas viven un amor prohibido e idealizado, condenado pola familia de ambos. A súa intensa relación ten unha curta duración e un funesto final.

TEATRO



Mais imaxinemos que Romeo e Xulieta non tivesen morrido e que o principal obstáculo á súa relación non fose a oposición das súas familias senón as adversidades das rutinas do mundo contemporáneo. Cales serían os sonhos de Xulieta? En que tipo de home se transformaría Romeo? Que lugar nas súas vidas ficaría dispoñible para o amor?

# OLIVIA Y LAS PLUMAS

DOMINGO 18 DE OCTUBRE 18:00 HORAS

Compañía: La Machina Teatro

Xénero: teatro

Autoría: Susana Isern (texto) e Esther Gili (ilustracións)

Dirección: Julia Ruiz Carazo

Adaptación: Julia Ruiz Carazo e La Machina Teatro

Escenografía: José Helguera

Deseño de son e deseño de iluminación: Víctor Lorenzo

Vestuario: Paula Roca

Música: VV.AA.

Colaboración coreográfica: Alberto Pineda

Asesoramento maxía: Raúl Alegría

Atrezzo e construción de monicreques: Yolanda Novoa e Alberto Sebastián

Elenco artístico: Patricia Cercas e Fernando Madrazo

TEATRO



ESTREA EN GALICIA



Idioma



+3 anos



Duración



Prezo

Olivia, a protagonista desta historia, vive nun pequeno pobo preto do bosque. Olivia ten un segredo, e é que posúe un don especial: pode comunicarse cos animais.

Grazas a este don, un día descobre que o lago está a secar e que os peixes precisan chegar ao mar. Estes pídenlle que procure plumas para os axudar.

Nese momento, Olivia comeza unha intensa búsqueda para recoller decenas de plumas.

Pídelles aos pardais, ás cegoñas viaxeiras, á terrible agúa real... Pasado o tempo Olivia consegue moitísimas plumas, pero non sabe que facer con elas.

Unha noite, mentres mira fixamente ao ceo estrelado, o vento leva cada unha das súas plumas para dar vida a unha auténtica maxía: Olivia entenderá o porqué de tantas plumas, desencadeando nun final sorprendente.



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



PLATEA

PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

# JAURÍA

VENRES 23 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: El Pavón Teatro Kamikaze

Xénero: teatro drama

Autoría: Jordi Casanovas

Dirección: Miguel del Arco

Escenografía e vestuario: Alessio Meloni

Deseño de son: Sandra Vicente

Deseño de iluminación: Juan Gómez Cornejo

Elenco artístico: Fran Cantos, Álex García, María Hervás, Ignacio Mateos, Raúl Prieto e Martiño Rivas



Idioma



+ 14 anos



Duración



Prezo

Dramaturxia a partir da transcripción do xuízo realizado á Manada, construída con fragmentos das declaracións de acusados e denunciante. Unha ficción documental a partir dun material moi real, demasiado real, que nos permite viaxar dentro da mente de vítima e vitimarios.





TEATRO



EL PAVÓN  
TEATRO  
KAMIKAZE



Un xuízo no que a denunciante é obrigada a dar máis detalles da súa intimidade persoal cós denunciados. Un caso que remove de novo o concepto de masculinidade e a súa relación co sexo da nosa sociedade. Un xuízo que marca un antes e un despois.



XUNTA  
DE GALICIA

# HAMLET

SÁBADO 24 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: **Companhia do Chapitô**

Xénero: teatro comedia

Autoría: creación colectiva a partir da obra de W. Shakespeare

Dirección: José Carlos García, Claudia Novoa e Tiago Viegas

Deseño de iluminación: José Carlos García

Vestiario: Teresa Machado

Elenco artístico: Jorge Cruz, Susana Nunes, Tiego Viegas/Ramón de los Santos e Patricia Úbeda



Idioma



+ 13 anos



Duración



Prezo



TEATRO



A familia Hamlet ten o pracer de convidarlles ás tres cerimonia que se celebrarán ao longo do día:

- O funeral do defunto que terá lugar no arquivo dos mortos.
- O matrimonio da viúva do defunto, no salón nobre.
- E a toma de posesión do noivo da viúva do defunto, no ático.

E como entretemento... unha lectura escenificada e, moi posiblemente un duelo, quen sabe se mortal!  
A ver...  
Pídese vir de etiqueta.

# LAMBETADAS

DOMINGO 25 DE OUTUBRO 18:00 HORAS

Compañía: Talía Teatro

Xénero: teatro comedia

Autoría: VV.AA.

Dirección: Santiago Cortegoso

Escenografía e deseño de iluminación: Dani Trillo

Vestuario: Martina Cambeiro

Elenco artístico: María Ordóñez e Diego Rey



Idioma



+ 6 anos



Duración




Prezo

Nominada ao Mellor Espectáculo Infantil  
nos Premios María Casares

Unha lambetada é un doce, algo saboroso, que se come por gusto. Pero tamén é a acción de pasar a lingua buscando un efecto agradable.

Partindo da dobre acepción da palabra elaboraremos un doce e gorentoso espectáculo teatral, pasando a lingua amodiño, con leite, sobre unhas historias que nos deixarán un doce sorriso nos beizos.

TEATRO





# A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI

VENRES 30 E SÁBADO 31 DE OUTUBRO 21:00 HORAS

Compañía: **Teatro do Atlántico**

Xénero: teatro drama

Autoría: Hélène Cixous

Dirección e deseño de iluminación: Xúlio Lago

Adaptación: Purificación Cabido

Escenografía: Antonio Simón

Deseño de son e música: Vadim Yukhnevich

Vestuario: Susa Porto

Elenco artístico:

María Barcala, Sheyla Fariña e César Goldi



Idioma



+ 14 anos



Duración



Prezo

Sakundeva, bandida, perseguida pola policía e polo exército, acusada do asasinato de máis de trinta homes que a violaran tempo atrás e de numerosos asaltos a man armada, preséntase na humilde morada de Pandala, unha sabia anciá que a criou cando era nena e que é a única persoa do mundo na que confía. Pídelle quedar durante dous días agochada na súa casa, para poder meditar con tranquilidade que decisión tomar nunha disxuntiva transcendental que se lle presenta.

Sen tempo para que ela puidese reflexionar, aproxímase xa ao lugar un ministro de Goberno, que fora o provocador da disxuntiva e que ven demandar unha resposta.



A autora inspírase na historia de Phoolan Devi, coñecida como “a raíña dos bandidos”, quen foi unha destacada referencia para o feminismo autóctono indio.

Con ese punto de partida, e facendo uso da capacidade extraordinaria que ten o teatro para servir de espello á sociedade que o contempla, Teatro do Atlántico chega a un discurso artístico atractivo e rigoroso poñendo en debate feitos que están a acontecer hoxe en moitos puntos da nosa contorna: as chamadas “manadas”; e ao tempo transitar por outros asuntos principais como: o dereito á educación, o impulso de rebeldía contra o maltrato, o concepto de liberdade, a complexa dialéctica entre lei e xustiza, o interese persoal e o interese público no exercicio da acción política; e a vinganza: unha viaxe sen final.

TEATRO





# VIAJE AL CENTRO DEL CUERPO HUMANO

DOMINGO 1 DE NOVIEMBRE 18:00 HORAS

Compañía: Spasmo Teatro  
Xénero: teatro xestual  
Autoría: Spasmo e Ángel Calvente  
Dirección: Ángel Calvente  
Escenografía: Francisco Tapia e Sanla S.L.  
Deseño de son: Álvaro Sánchez  
Deseño de iluminación e música: Spasmo  
Vestuario: Alejandro Lucas e Dolores Pérez  
Elenco artístico: Isaac Tapia, Álvaro Sánchez, Vicente Martín e José Gabriel Sánchez



+ 6 anos



Duración



Prezo

E se foramos tan pequenos como para meternos dentro dunha persoa e vivir unha increíble aventura mentres aprendemos? Benvidos a unha extraordinaria viaxe a través do noso corpo. Unha máquina perfecta, unha obra mestra na que nos somerxeremos para coñecer como funciona o seu increíble circuíto interior polo que flúe a vida.



TEATRO



Premio ao mellor espectáculo infantil da Feira de Teatro de Castela e León 2017



# O PREMIO

VENRES 6 DE NOVEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: La Quintana Teatro

Xénero: teatro comedia

Autoría: Santiago Cortegoso

Dirección: Marián Bañobre

Axudante de dirección: Magdalena Barro

Escenografía e vestuario: Mariña de la Iglesia

Perruquería e maquillaxe: Fany Mosqueira

Deseño de son: Anxo Oultumuro

Deseño de iluminación: Javier Quintana

Música: José Luis Fraga

Vídeo: Lucía Estévez

Elenco artístico:

Raquel Espada, Victoria Teijeiro e Xurxo Cortázar

Actrices vídeos: Sheyla Fariña e Antía González

Presentadores: Gonzalo Faílde e Marián Bañobre



Idioma



+ 14 anos



Duración



Prezo

O XOGO: O Premio é unha comedia aceda que fala da situación das persoas dentro dun futuro próximo no que o progreso tecnolóxico e a loita cara ao éxito económico, sentimental e social fose tal, que se viron obrigadas a caer en "O Premio" como única fórmula de conseguir a felicidade.

O Premio é un reality en directo onde o público vota a quen merece levar o premio da súa vida: morrer logrando a fama. Todo por un soño.

TEATRO



O PREMIO: 24 horas cumprindo o teu soño, 5 millóns de euros e morrer sendo un heroe ou unha heroína.

AS REGLAS: Todo o público é finalista e como tal posible concursante, o público vota quen debe morrer. Tres finais distintos en función dos espectadores.

# ARMAZENADOS

SÁBADO 7 DE NOVEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: Teatro Art'Imagem

Xénero: Traxicomedia

Autoría: David Desola

Dirección: Flávio Hamilton

Tradución: Afonso Becerra e Diana Vasconcelos

Vestuario: Martina Cambeiro

Asistente de escenografía: Samuel Gomes

Espazo escénico: Eduardo Abdala e Flávio Hamilton

Deseño de iluminación e son: Eduardo Abdala

Produción: Sofia Leal e Daniela Pêgo

Elenco artístico: Pedro Carvalho, Jimmy Nunez

e Flávio Hamilton



Idioma



Adulto



Duración



Prezo

Nun almacén baleiro de mercadería, nada é máis lexítimo do que pensarse que o stock son os propios empregados; neste caso, o Señor Lino e o Nin. E, se os empregados son relegados á condición de mercadería, estamos ante unha perversión evidente: sobre eles pasan a imperar as leis de mercado en vez das leis laborais, creadas coa intención de lles asegurar a tal dignidade, non obstante abdicada en prol dunha soldada, presuntamente atribuída en pagada dos seus préstamos.



Este texto, a pesar dunha aparente sinxeleza, colócanos ante algunhas cuestións esenciais, ben por suxestión, ben por identificación. Cuestións esas que versan fundamentalmente acerca da dignidade humana.

Ficamos ante un punto morto, que pode ao mesmo tempo ser de orde puramente filosófica, como un pouco máis determinista e pragmática: será mesmo que o traballo dignifica o Home?

TEATRO



# ROCK CIRK

DOMINGO 8 DE NOVEMBRO 18:00 HORAS

Compañía: **Rolabola**

Xénero: Circo

Autoría: creación colectiva

Dirección: Miner Montell

Deseño de son e iluminación:

Eladio Cano Rincón "Lalo"

Música: Juan Antonio Parra Zurita

Escenografía e atrezzo:

Francisco Coronado e Pepe del Pino

Vestuario: creación colectiva

Elenco artístico: Rubén Barroso, Iñaki Erdocia,

María Muñoz, Juan Antonio Parra Zurita "Zuri"

e Alfonso de la Pola



+ 3 anos



Duración



Prezo

Rock Cirk preséntanos un espectáculo circense aderezado con punteado de guitarra eléctrica, redobres de batería estrambóticos, desamañados vos, equilibrios esperpénticos e melenas ao aire que desenvolven unha peculiar estrutura aérea autónoma.

Un rechamante cadro de personaxes roqueiros que son quen de seducir a calquera tipo de público, unha mestura dinámica, fresca e divertida entre as técnicas de circo e o Rock máis puro, clásico e divertido, na que se cola un peculiar "home tirabolos" que será disparado ante a mirada atenta do respectable.

CIRCO



Un espectáculo que se desenvolve cunha linguaxe corporal, expresiva e musical, cheo de humor, onde a sorpresa e o risco non nos deixarán quitar a atención.



Premio ao mellor espectáculo infantil da Feira de Teatro de Castela e León 2017

# FEMINISSIMAS

VENRES 13 DE NOVEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: De Ste Xeito Producións

Xénero: teatro comedia

Autoría: Esther F. Carrodegu sa

Dirección e escenografía: Xavier Castiñeira

Vestuario: De Ste Xeito Producións

Deseño de iluminación: Javier Quintana

Elenco artístico: Stephy Llaryora, Esther F. Carrodegua s  
e Noelia Blanco



Idioma



+ 12 anos



Duración



Prezo

TEATRO



Un congreso feminista na cidade de Vigo. Tres amigas da adolescencia que hai anos que non se ven. Tres amigas que teñen tres xeitos ben distintos de entender o "feminismo"... Por exemplo: feminismo radical, feminismo liberal e teoría queer.

Esta é a base de Feminissimas, unha peza con altas doses de humor, ironía e complicidade para poñer a amizade a proba mentres analizamos -dende a comedia- de que maneira as mulleres estamos a convivir neste novo mundo feminista no que nos atopamos mergulladas.

Unha maneira -tamén- de rirnos de nós mesmas, das nosas propias incongruencias e sobre todo do espazo que separa a teoría pura da práctica diaria. Un espazo -ademais- para reflexionar sobre a amizade e a súa complexa relación coa ideoloxía. En resumo: unha comedia negra... moi violeta.



# MEL NON CADUCA

SÁBADO 14 DE NOVEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: **Ibuprofeno Teatro**

Xénero: teatro

Autoría e dirección: Santiago Cortegoso

Escenografía: Diego Seixo

Deseño de son e música: Davide González

Deseño de iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Marián Bañobre

Coreografía: Carmela Bueno

Elenco artístico: Marián Bañobre e Avelino González



Idioma



+ 14 anos



Duración



Prezo



Espectáculo biodegradable e concibido a partir dun proceso de creación colectiva, arredor da relación do ser humano cos obxectos, da degradación ecolóxica do planeta por mor da perversa lóxica consumista do capitalismo e da obsolescencia programada, tanto dos produtos como das persoas.

TEATRO



Dous científicos/apicultores, en 2173, levan a cabo sofisticados e absurdos experimentos, nun contexto de futuro distópico no que o planeta está arrasado. Dous irmáns volven á casa familiar na aldea pola morte da súa nai. O conflito aflora cando deben xestionar as pertenzas familiares. Estas dúas tramas complementáanse con outros textos e escenas xestuais nun espectáculo aberto que nos leva do realismo ao onírico.

# Y AHORA QUÉ?

DOMINGO 15 DE NOVIEMBRE 18:00 HORAS

Compañía: Cía. Puntocero

Xénero: circo

Autoría, vestuario, música e coreografía: Cía Puntocero

Dirección: Zenaida Alcalde

Adaptación: Cía. Puntocero e Zenaida Alcalde

Escenografía: Eleni Chaimedenaki

Deseño de son: Ángel González

Deseño de iluminación: Pablo Fernández  
e Mateo Martínez

Elenco artístico: Zenaida Alcalde, Laura Charlie,  
María Mateo e Rebeca Pérez



+ 5 anos



Duración



Prezo

A eterna pregunta que nos facemos todas as persoas algunha vez...  
Unha casa, 910 metros de corda e catro mulleres, cada unha nun momento vital distinto.

Paula, de volátil personalidade; Susana, cuadriculada ata a loucura e, Eva, desesperada por ter un bebé. Elas tres conviven con Magda, unha pintora máis vella, cuxa experiencia ha de lles servir ás outras compañeiras de gran utilidade.



Premio do Público no Festival  
Artescena 2017

CIRCO



Con esta mestura, todo pode pasar!  
Humor surrealista, cun toque poético e esperanzador.

Unha estética que non deixa a ninguén indiferente.  
Impresionantes e belas coreografías das artistas nunha fachada de cordas de algodón, así como doutros elementos aéreos.





# NO SIN MIS HUESOS

VENRES 20 DE NOVEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: Iron Skulls Co

Xénero: danza

Autoría, dirección, escenografía  
e coreografía: Iron Skulls Co

Deseño de son e música:  
Willy Barleycorn

Deseño de iluminación: Oscar González

Vestuario: María Zaguirre

Elenco artístico: Adrián Vega, Diego Garrido, Moisés  
"Moe", Luis Muñoz, Facundo Martín, Héctor Plaza  
"Buba", Agnés Sales e Snna Sagrera



+ 12 anos



Duración



Prezo

Nesta nova produción, Iron Skulls Co continúa desenvolvendo a súa máis que diverxente e ecléctica linguaxe do movemento. No seu interese pola enerxía negativa, a compañía incorpora na súa dramaturxia este detalle tan característico, aínda que neste traballo amose un estilo moí distinguido respecto a aquel de espectáculos previos.

Cun crecente interese en conectar as ideas presentes do seu traballo coa historia e a cultura, a compañía explora o pasado para atopar unha historia singularmente ecléctica na herdanza mediterránea. A danza como elemento conciliador, como nexo e defensora de ideais. A danza Sufí, o Hava Nagila e a danza tradicional española, son medios a través dos que se revive o noso pasado e amosan o legado deixado polas culturas cristiás, árabes e xudías no



mediterráneo. Co obxectivo de conectar o pasado histórico co presente, Iron Skulls Co enfoca o seu novo espectáculo entornando a unha variedade de estilos especialmente relevantes no século XXI. As danzas urbanas, xunto co contact impro e o Butoh fúsiónanse en No Sin Mis Huesos para crear un espectáculo único que fai unha viaxe ao pasado para poder interpretar o presente.

Inspirado no 400 aniversario da morte de Cervantes (1616), o espectáculo céntrase no contexto sociocultural do escritor. A compañía atopa a inspiración na grande diversidade de culturas que influíron a Cervantes, tanto como escritor, como soldado. O soldado non pode loitar e redireccióna a súa paixón na procura como escritor, sendo exemplo na transformación da enerxía negativa en arte.

DANZA



MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



# DOCE UVAS, DÚAS MULLERES E UNHA OLIVA

SÁBADO 21 DE NOVEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: **Olivas Negras**

Xénero: **teatro comedia**

Autoría e dirección: **Marián Bañobre**

Axudante de dirección: **Laura Porto**

Escenografía e deseño de iluminación: **Beatriz de Vega**

Deseño de son: **Laura Porto**

Deseño de vestiario: **Eva Martínez e Cecilia Vázquez**

Música: **VV.AA.**

Coreografía: **Sonsoles Cordón e Cecilia Vázquez**

Elenco artístico: **Sonsoles Cordón e Cecilia Vázquez**



Idioma



Adulto



Duración



Prezo

Chegan as próximas badaladas de fin de ano. Atopámonos ante un espello no que mirarse, cuestionarse, quererse... Dúas actrices en escena, dúas mulleres nas que reflectirse a través das súas fraquezas e virtudes. Un mosaico de complicidades a través do tempo... e algún que outro conflito tamén.

Unha historia de autosuperación e empoderamento feminino. Un espectáculo sorprendente e honesto en clave cómica - subversiva, no que o espectador terá tamén ocasión de observarse e viaxar con elas na procura duns soños tan anhelados como a última oliva que queda no prato.

TEATRO



ESTREA MUNDIAL

# BLANCANIEVES

DOMINGO 22 DE NOVIEMBRE 18:00 HORAS

Compañía: Luna Teatro Danza

Xénero: teatro monicreques

Autoría: Pablo Vergne, a partir do conto clásico

Dirección e adaptación: Pablo Vergne

Escenografía: Ana Iturrate

Deseño de son e música: Sebastián Merlín

Deseño de iluminación: Ricardo Vergne

Vestuario: Marcos Tomás Caravia

Coreografía: Alba Vergne

Coreografía: Alba Vergne



Idioma

+ 4 anos

Duración

Prezo

Branca Neves vese empurrada a fuxir do palacio perseguida pola furia enxexosa da madrastra. Na súa fuxida deberá atravesar un bosque inhóspito. Os animais salvaxes que se cruzan no seu camiño non lle fan dano e protéxena de todo mal. Máis tarde é acollida por uns ananos que lle ofrecen protección a cambio de que realice as tarefas do fogar.

Obrigadas polas circunstancias acepta a de mala gana ese acordo. Pero no seu corazón segue latindo o recordo do bosque, onde a natureza crece libre e salvaxe. Enganada por unha bruxa, proba unha maza envelenada e cae nun soño mortal. Príncipes de todo o mundo acoden a despertala cun bico, pero ningún o consegue porque en realidade non existen príncipes azuis que salven a mulleres durmidas. Ante o sono mortal de Branca Neves todo

TEATRO



o bosque vese sumido nunha profunda tristeza. Os paxaros deixan de cantar, os lobos de ouvear, os cervos de bramar. Finalmente Branca Neves sálvase a si mesma e ao despertar comeza a danzar, a danza da vida baixo a lúa chea.

Un espectáculo de teatro de monicreques partindo do conto clásico que combina o poético e o cómico recorrendo a variadas linguaxes escénicas como a danza, as máscaras, os monicreques, a música e o teatro de obxectos.

A dramaturxia e á súa vez, sorprende dando xiros inesperados ao conto clásico de xeito cómico e con humor, pero sempre cun toque poético. A plástica xunto co espazo sonoro están cargados de simboloxía que tocan as emocións do espectador xerando atmosferas variadas e contrastadas.



# THE OPERA LOCOS

VENRES 27 E SÁBADO 28 DE NOVEMBRO, 20:30 HORAS

Compañía: Yllana, Klemark & Rami Eldar

Xénero: comedia musical

Autoría: Yllana

Dirección artística: David Ottone e Joe O'Curneen

Dirección musical: Marc Álvarez e Manuel Covas

Coreografía: Carlos Chamorro

Escenografía:

Tatiana de Sarabia, David Ottone e Yeray González

Deseño de iluminación: Pedro Pablo Melendo

Deseño de son: Luis López de Segovia

Vestuario: Tatiana de Sarabia

Axudante de vestuario: Yeray González

Caracterización:

Tatiana Sarabia, Sara Álvarez e ARTMAKERS

Asistente de dirección musical: Javier Carmona

Música gravada pola Orquestra Sinfónica VERUM

e Manuel Cobas (director musical)

Xastraría: Maribel Rodríguez RH

Ambientación de vestuario: Davinia Fillol

Tocados: Diana García

Construción de escenografía: SCNIK MOVIL

Técnico de son: Lolo Moldes

Técnico de iluminación: Diego Domínguez

Solistas: María Rey Joy, Mayca Teba, Toni Comas,

Enrique Sánchez Ramos e Jesús Gallera



TEATRO



Todos os  
públicos



Duración



Prezo

Unha peculiar troupe de ópera, composta por cinco excéntricos cantantes, dispónse a realizar un recital cun repertorio dos máis grandes compositores do xénero. Ao longo da representación íranse desvelando as paixóns ocultas e os anhelos de cada un deles, que traerán consecuencias disparatadas e impredecibles. Unha noite para recordar!

Cinco cantantes líricos son os protagonistas de The Opera Locos, un espectáculo cómico operístico no que os grandes éxitos da ópera fúsiónanse con outros estilos musicais do modo máis orixinal. Cunha singular posta en escena, coidada estética e o sentido da comedia de Yllana. The Opera Locos consegue crear unha experiencia nova e diferente á hora de experimentar a ópera e, sobre todo, achegala a todos os públicos dun modo fresco, inhabitual e divertido.



Premio Max ao Mellor  
Espectáculo Musical

# JON BRAUN

DOMINGO 29 DE NOVIEMBRE 18:00 HORAS

Compañía: Anita Maravillas

Xénero: teatro

Autoría: Anita Maravillas e Ivan Alonso

Dirección: Iván Alonso

Adaptación e vestuario: Anita Maravillas

Escenografía: Iñaki Ziariusta e Atx Teatro

Deseño de son: Ion Chávez e Alberto de la Hoz

Deseño de iluminación: Ion Chávez

Elenco artístico: Miren Larrea e Valentina Raposo



+ 4 anos



Duración



Prezo

No noso poboado indio reina a alegría. Un día, as vidas de Jon Braun e a súa irmá Malintxe sepáranse. A valente irmá é capturada, pero ela nunca esquecerá a Jon Braun e as súas orixes.

O pequeno indio decidirá ir na procura da súa irmá. Unha emocionante historia que conta como o amor pode vencer á adversidade.

TEATRO



# MÉDULA

VENRES 4 DE DECEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: Exire

Xénero: danza contemporánea

Autoría: Aracaladanza

Autoría, dirección e coreografía:

Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

Asesoramento coreográfico: Armando Martén

Deseño de son e música: María Move e Raúl Grillo

Deseño de iluminación: RTA

Elenco artístico: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez



Idioma



Adulto



Duración



Prezo

DANZA



Falamos de volver a nós, de sentirnos como almas ceibas destinadas a transmitir historias, viaxes de vida, a nos mover entre murmurios, mais sen medo de nos confrontar co que non queremos.

Seguimos os nosos instintos, ouveamos para recoñecérmolos e uliscamos a mesma pegada para seguir o camiño desexado.

Somos elas e elas nós.

# CATRO

DOMINGO 6 DE DECEMBRO 11:30 E 13:00 HORAS

Compañía: **Caramuxo Teatro**

Xénero: **danza para bebés**

Autoría e dirección: **Juan Rodríguez e Laura Sarasola**

Escenografía e música: **Caramuxo Teatro**

Deseño de son e iluminación: **Suso Jalda**

Vestuario: **Diego Valeiras**

Coreografía: **Laura Sarasola**

Elenco artístico: **Laura Sarasola**



+ 6 meses



Duración



Prezo\*

\* (1 persoa adulta + 1 bebé en escenario).

Resto de acompañantes en patio de butacas con visibilidade reducida, de balde até completar capacidade.

Catro é a nova proposta de Caramuxo Teatro para a primeira infancia. Unha peza visual que xoga coa vida, coas formas, os sons e as texturas... co descubrir a través da danza como linguaxe e canle de coñecemento.

Catro lados ten un cadrado, a miña galleta preferida, as estrelas que vexo dende a miña habitación e catro son os recunchos do meu lugar.

Catro é a experimentación a partir dun número que se repite na nosa vida. Unha experiencia para gozar en familia.

DANZA



ESPECTÁCULO PARA BEBÉS.  
CAPACIDADE LIMITADA.

# MEDIDA x MEDIDA DE SHAKESPEARE

VENRES 11 DE DECEMBRO 20:30 HORAS

Compañía: Producións Teatráis Excéntricas

Xénero: teatro comedia

Autoría: William Shakespeare

Dirección e adaptación: Quico Cadaval

Escenografía e vestuario: Suso Montero

Deseño de son e música: Bernardo Martínez

Deseño de iluminación: Dani Juncal

Elenco artístico: Melanía Cruz, Evaristo Calvo, Patricia Vázquez, Josito Porto, María Costas, Santi Romay, Víctor Mosqueira.



Idioma



+ 13 anos



Duración



Prezo

Tres nominacións a Mellor Actor  
Secundario nos Premios María Casares



TEATRO



Acontece nunha Viena surrealista inventada por Shakespeare. O mandatario Duque Vincenzo pasa á clandestinidade e manda aplicar con todo rigor a lei contra os comportamentos inmorais.

Cae a lei por igual sobre o negocio do sexo e sobre a xuventude hedonista. Un xove de boa familia é condenado a morte. Isto obriga a Isabella, a súa irmá monxa, a abandonar o convento por tres días coa tentativa de salvar a vida do seu pecadento irmán. Un mundo de vicio, perversidade e corrupción tentarán lixar a súa brancura virxinal. Palacios, cadeas e arrabaldos serán o labirinto que percorre Isabella na súa carreira contra a morte. Todo observado dende as sombras por un Duque Vincenzo, irrecoñecíbel baixo o hábito de frade mendicante.



# O FIANDÓN

DOMINGO 13 DE DECEMBRO 12:00 HORAS

Compañía: Teatro Aforo

Xénero: teatro familiar

Autoría, Interpretación e Dirección escénica:

Leonel Laborde

Axudante de dirección: Juan Cid

Escenografía e Vestiario: Teatro Aforo

Deseño de Espazo Sonoro:

Chucho González e Leonel Laborde

Música orixinal de Chucho González.

Deseño de iluminación: Leonel Laborde e Juan Cid

Coreografía: Leonel Laborde e Juan Cid

Cartel: Laura Berardi



Idioma



+ 3 anos



Duración



Prezo

O Fiandón é un ser, entre humano e arácnido, que canta, que conta, que xoga, que baila, que rí, que imaxina, que inventa, que crea e recrea mentres tece, no seu espazo, a súa rede de encantos con fíos de cores.

Así se xera un espectáculo variado, dinámico, entretido e moi divertido con suxestivas imaxes visuais que evocan espazos e personaxes fabulosos que nos levan a outros mundos nunca vividos.

TEATRO



ESTREA MUNDIAL




# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO:

- 1** O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2** As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3** As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4** As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5** **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
- 6** Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
- 7** A organización informará, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
- 8** Ao entrar no recinto, o público, consonte a lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvese o dereito de admisión.
- 9** Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

## NORMAS ESPECIAIS COVID-19

Debido a situación actual provocada pola pandemia orixinada polo COVID-19, poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto segundo as indicacións sanitarias de cada momento.

No propio auditorio indicaranse as medidas especiais como uso de máscara obrigatoria, circuitos de entrada e saída diferenciados, dispensadores de xel hidroalcohólico, distanciamento de seguridade ou calquera outra medida que sexa imposta para garantir a seguridade do público e do persoal que traballa no recinto. Ademais poderán establecerse queixas de entrada segundo a localización das localidades, coa suficiente antelación que permita o acomodo do público co tempo necesario para que os espectáculos poidan comezar segundo o previsto.



# VENDA DE ENTRADAS:



As entradas poderán adquirirse anticipadamente (**sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes**) a partir do 21 de setembro:

- A través da páxina web de Evenbrite
- No despacho de billetes do auditorio nos seguintes días e horarios (excepto festivos): Luns: de 18 a 20 horas | Venres: de 18 a 20 horas | Sábados: de 10 a 13 horas.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (de haber entradas dispoñibles).

Co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade, o **público entre 12 e 18 anos poderá beneficiarse dun 50% de desconto** no prezo das entradas adquirindoas anticipadamente a través de Internet co **código de desconto OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade).

## ABONOS:

### Venta anticipada online

(do 2 ao 20 de setembro):

- **Abono 5 teatro adulto:** elixe 5 espectáculos de toda a programación de teatro adulto (venres e sábados), combinados como queiras e paga 36 €.
- **Abono 5 teatro familiar:** elixe 5 espectáculos de toda a programación de teatro familiar (domingos), combinados como queiras e paga 22,50 €.
- **Abono 10 teatro adulto:** elixe 10 espectáculos de toda a programación de teatro adultos (venres e sábados), combinados como queiras e paga 64 €.
- **Abono 10 teatro familiar:** elixe 10 espectáculos de toda a programación de teatro familiar (domingos), combinados como queiras e paga 40 €.

### Venda no despacho de billetes

(a partir do 21 de setembro):

- No propio despacho de billetes do Auditorio Municipal os luns de 18 a 20 horas, os venres de 18 a 20 horas e os sábados de 10 a 13 horas (excepto festivos):
- **Abono á carta 5:** elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10 % de desconto sobre o prezo total.
  - **Abono á carta 10:** elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25 % de desconto sobre o prezo total.

\* Existen 4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservadas para os seus acompañantes (de ser o caso). No caso de adquirir entradas nesta modalidade é importante comprobar ao seleccionalas se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas). As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo: Praza do Rei 1. Vigo

**eventbrite**

www.evenbrite.es

**Auditorio Municipal do Concello**  
Praza do Rei s/n

**Central de Espectáculos**  
DESPACHO DE LOCALIDADES

CONCELLO  
DE VIGO



Vigocultura



@Vigo\_cultura



vigocultura



## INFORMACIÓN:

### Teléfonos:

Desde Vigo: 010

Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

### Horario:

Luns > Venres: 8.00 a 20.00 horas

Sábados: 10.00 a 14.00 horas



Auditorio Municipal do Concello  
Praza do Rei s/n



Vivimos nunha cidade fermosa